



Perigos potenciais dos campos electromagnéticos e os seu efectos sobre o medio ambiente

Resolución 1815 (2011). Versión final

Autor: Asemblea parlamentaria

Texto adoptado pola Comisión permanente, actuando en nome da Asemblea, o 27 de maio de 2011 (ver [Doc. 12608](#), informe da comisión de medio ambiente, agricultura e asuntos territoriais, relator: Sr. Huss).

Versión galega do orixinal en francés: <http://assembly.coe.int/nw/xml/XRef/Xref-XML2HTML-fr.asp?fileid=17994&> (orixinal en inglés: <http://assembly.coe.int/nw/xml/XRef/Xref-XML2HTML-en.asp?fileid=17994&lang=en>)

1. A Asemblea Parlamentaria destacou reiteradamente a importancia do compromiso dos Estados de preservar o medio ambiente e a saúde ambiental como se indica en numerosas cartas, convenios, declaracións e protocolos dende a Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente Humano e a Declaración de Estocolmo (Estocolmo, 1972). A Asemblea refírese ao seu traballo anterior neste ámbito, incluída a [Recomendación 1863](#) (2009) sobre o Medio Ambiente e a Saúde, a [Recomendación 1947](#) (2010) sobre o ruído e a contaminación lumínica e, en xeral, a [Recomendación 1885](#) (2009) para o desenvolvemento dun protocolo adicional para Convenio Europeo de Dereitos Humanos sobre o dereito a un medio ambiente san e a [Recomendación 1430](#) (1999) sobre o acceso á información, á participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (Aplicación do Convenio de Aarhus).

2. Os efectos potenciais para a saúde dos campos magnéticos de moi baixa frecuencia ligados ás liñas e aparellos eléctricos están sendo investigados e suscitan un intenso debate público. Segundo a Organización Mundial da Saúde, os campos electromagnéticos de todas as frecuencias son cada vez máis frecuentes e inflúen cada vez máis no noso medio ambiente, aumentando a preocupación e especulación crecentes. Hoxe todo o mundo está exposto a diversos graos de campos electromagnéticos cuxos niveles seguirán crecendo cos avances da tecnoloxía.

3. O teléfono móbil esténdese actualmente por todo o mundo. A tecnoloxía sen fíos fundaméntase nunha extensa rede de antenas fixas ou estacións base que transmite información en forma de sinais de radiofrecuencia. Hai máis de 1,4 millóns de estacións base no mundo e o seu número aumenta significativamente coa introdución das tecnoloxías de terceira xeración. Outras redes sen fíos que permiten o acceso a Internet de alta velocidade e outros servizos, talles como as redes locais sen fío, son cada vez máis populares nos fogares, oficinas e moitos lugares públicos (aeroportos, escolas e zonas residenciais e urbanas). Co número de estacións base e redes sen fíos, tamén aumenta a exposición do público ás radiofrecuencias.

4. Se os campos eléctricos e electromagnéticos de certas bandas do espectro teñen efectos plenamente beneficiosos, que se utilizan en medicamento, outras frecuencias non ionizantes, xa sexa de frecuencia extremadamente baixa, liñas eléctricas ou de certas ondas de alta frecuencia utilizadas no ámbito dos radares, as telecomunicacións e a telefonía móbil, parecen ter efectos biolóxicos non térmicos potenciais máis ou menos daniños para plantas, insectos e animais, así como no corpo humano cando son expostos a niveis inferiores aos limiares oficiais.

5. En canto ás normas ou límites para as emisións de campos electromagnéticos de todo tipo e frecuencia, a Asemblea recomendou a aplicación do principio ALARA (as low as reasonably achievable), é dicir, o nivel tan baixo como sexa razoablemente posíbel, tendo en conta non só os chamados efectos térmicos, senón tamén os efectos atérmicos ou biolóxicos da emisión ou radiación de campos electromagnéticos. Ademais, o principio de precaución debe aplicarse cando a avaliación científica non determina o risco con suficiente certeza. Sobre todo porque, dada a crecente exposición da poboación - en particular os grupos máis vulnerábeis como os de mozos e nenos - o custo humano e económico da inacción podería ser moi elevado se son ignoradas as alertas temperás.

6. A Asemblea lamenta a falta de resposta aos riscos ambientais e sanitarios, coñecidos ou emerxentes e os atrasos case sistemáticos na adopción e aplicación de medidas preventivas eficaces, a pesar das peticións de aplicación do principio de precaución e de todas as recomendacións, declaracións e numerosos avances normativos e legislativos. Esperar a ter probas científicas e clínicas sólidas antes de tomar medidas para previr os riscos coñecidos pode provocar uns custos sanitarios e económicos moi elevados, como foi o caso no pasado co amianto, a gasolina con chumbo e o tabaco.

7. Ademais, a Asemblea sinala que o problema dos campos ou ondas electromagnéticas e o seu impacto potencial sobre o medio ambiente e a saúde é, obviamente, comparábel a outros problemas actuais, como a autorización da comercialización de medicamentos, produtos químicos, pesticidas, metais pesados ou os organismos xenéticamente modificados. Polo tanto, [a Asemblea] destaca a importancia crucial da independencia e a credibilidade do acervo científico para obter unha avaliación transparente e obxectiva dos posíbeis efectos adversos sobre o medio ambiente e a saúde humana.

8. Tendo en conta o anterior, a Asemblea recomenda aos Estados membros do Consello de Europa,

8.1 en termos xerais:

8.1.1. tomar todas as medidas razoábeis para reducir a exposición aos campos electromagnéticos, especialmente ás radiofrecuencias emitidas polos teléfonos móbiles, e en particular a exposición en nenos e mocidade, para quen o risco de tumores da cabeza parece maior;

8.1.2. reconsiderar a base científica das normas actuais de exposición aos CEM fixadas pola Comisión Internacional para a Protección contra a Radiación Non Ionizante (International Commission on Non-Ionizing Radiation Protection), que presenta graves deficiencias, e aplicar o principio ALARA (as low as reasonably achievable), é dicir, o nivel máis baixo razoablemente posíbel, tanto aos efectos térmicos como aos efectos atérmicos ou biolóxicos das emisións ou radiacións electromagnéticas;

8.1.3. Desenvolver campañas de información e de sensibilización sobre os riscos dos efectos biolóxicos potencialmente nocivos a longo prazo sobre o medio ambiente e a saúde humana, dirixidos especialmente a nenos, adolescentes e mocidade en idade reprodutiva;

8.1.4. prestar especial atención ás persoas "electrosensíbeis" afectadas dunha síndrome de intolerancia aos campos electromagnéticos e a adopción de medidas especiais para protexelos, incluída a creación de "zonas brancas" non cubertas por redes sen fíos;

8.1.5. aumentar os esforzos investigadores sobre novos tipos de antenas, teléfonos móbiles e dispositivos como os DECT co fin de reducir custos, aforrar enerxía e protexer o medio ambiente e a saúde humana, así como fomentar a investigación e o desenvolvemento de telecomunicacións baseadas noutras tecnoloxías igual de eficaces, pero menos nocivos sobre o medio ambiente e a saúde;

8.2 En canto ao uso individual dos teléfonos móbiles, os teléfonos sen fíos DECT, o WiFi, WiMAX e WLAN para os computadores e outras aplicacións sen fíos, como os interfonos para a vixilancia dos bebés:

8.2.1 establecer limiares de prevención para os niveis de exposición a longo prazo ás microondas no interior [dos edificios], de conformidade co principio de precaución, non superiores a 0,6 voltios por metro [$\cong 0,1 \mu\text{W}/\text{cm}^2$] e reduciilo a medio prazo a 0,2 voltios por metro [$\cong 0,01 \mu\text{W}/\text{cm}^2$]; [Ver nota do tradutor ¹]

8.2.2 aplicar todos os procedementos necesarios para a avaliación do risco para calquera nova forma de dispositivo antes de permitir a súa comercialización;

8.2.3 introducir un sistema de etiquetaxe clara que indique a presenza das microondas ou dos campos electromagnéticos e sinalando a Potencia de Transmisión ou a "Taxa de Absorción Específica" (TAS) [= SAR -inglés- = DAS -francés-] do dispositivo así como os riscos para a saúde relacionados co seu uso;

8.2.4 informar sobre os riscos potenciais para a saúde dos teléfonos sen fíos DECT, interfonos para a vixilancia de bebés e outros aparellos domésticos que emiten continuamente microondas pulsadas, cando todos os dispositivos eléctricos déixanse permanentemente en posición de espera ["standby"], e recomendar o uso de teléfonos con cable nos fogares ou, na súa falta, modelos que non emitan permanentemente ondas pulsadas;

8.3 En canto á protección dos nenos:

8.3.1 deseñar, no ámbito dos diferentes ministerios (educación, medio ambiente e sanidade), campañas de información dirixidas ao profesorado, a nais e pais e a nenos para advertirles dos riscos específicos do uso precoz, indiscriminado e prolongado dos teléfonos móbiles e doutros dispositivos que emiten microondas;

8.3.2 dar preferencia, para os nenos en xeral e especialmente nas escolas ["école": inclúe o ensino infantil, primaria e secundaria] e nas aulas, aos sistemas de acceso a internet a través de conexión por cable [é dicir, evitando a conexión sen fíos Wifi] e de regular estritamente o uso dos teléfonos dos estudantes no recinto escolar;

8.4 En canto á planificación das liñas eléctricas e das estacións base de antenas de telefonía móbil:

8.4.1 tomar medidas de planificación urbana que requiran unha distancia de seguridade entre as liñas de alta tensión e outras instalacións eléctricas e as vivendas;

8.4.2 aplicar normas de seguridade estritas no que concirne ao impacto sanitario das instalacións eléctricas nas casas novas;

8.4.3 reducir o limiar admisíbel para as antenas de conformidade co principio ALARA e instalar sistemas de seguimento global e continuo de todas as antenas;

8.4.4 determinar a localización de calquera nova antena GSM, UMTS, WiFi ou WiMax non so baseándose nos intereses dos operadores, senón consultando ás autoridades locais e aos residentes ou as asociacións de cidadáns afectados;

8.5 En canto ao estilo da avaliación dos riscos e as precaucións a tomar:

8.5.1 a avaliación dos riscos debe centrarse en maior medida na prevención;

8.5.2 mellorar os criterios de avaliación de riscos e a calidade da avaliación mediante a creación dunha escala estándar de riscos, polo que será obrigatorio indicar o nivel de risco, facendo que se estuden varios supostos de risco, tendo en conta a compatibilidade coas condicións da vida real;

8.5.3 ter en conta aos científicos que dan a alerta temperá e protexelos;

8.5.4 formular unha definición do principio de precaución e do principio ALARA baseada nos dereitos humanos;

8.5.5 aumentar o financiamento público da investigación independente, especialmente por medio de doazóns das empresas e de impostos nos produtos que son obxecto de estudo público para a avaliación de riscos para a saúde;

8.5.6 crear comisións independentes para a asignación de fondos públicos;

8.5.7 a obrigatoriedade da transparencia nos grupos de presión;

8.5.8 promover debates pluralistas e controvertidos entre tódalas partes interesadas, incluída a sociedade civil (Convenio de Aarhus).

¹ *Nota do tradutor:* A presente Resolución propón rebaixar, case 1.000 veces, os límites legais de exposición xa que a lexislación estatal española actualmente non chega a discernir entre exposición interior/exterior dos edificios ou vivendas, así como non contempla os efectos non térmicos e a longo prazo.